

Revista GALEGa
de filoloxía

monografía 13

Estudos sobre
gramática e
sociolingüística
galego-
-portuguesas

Xosé Manuel Sánchez Rei (editor)

Revista GALEGA
de filoloxía

monografía **13**

Xosé Manuel Sánchez Rei (editor)

Estudos sobre gramática e sociolingüística galego-portuguesas



Grupo de Investigación Lingüística
e Literaria Galega

Directores: Teresa López Fernández (Universidade da Coruña) e Xosé Manuel Sánchez Rei (Universidade da Coruña)

Secretario: Carlos-Caetano Biscainho-Fernandes (Universidade da Coruña)

Edita: Servizo de Publicacións da Universidade da Coruña

Depósito Legal: C 1601-2021

ISBN: 978-84-9749-819-7

Distribúe: Consorcio Editorial Galego: pedimentos@coegal.com

Deseño: Torné Asociados

Maquetación: Antonio Souto

Índice xeral

Introdución	
<i>Xosé Manuel Sánchez Rei</i>	7-16
Lingua de calidade: un concepto integrador para tender pontes e superar as diferenzas entre isolacionismo e reintegracionismo	
<i>Neal Baxter</i>	17-26
Actitudes e aptitudes en relación á lingua galega do profesorado novo do ensino secundario: contributos desde unha experiencia no mestrado profesionalizante (2013-2021)	
<i>Carlos-Caetano Biscainho-Fernandes</i>	27-48
Ainda os marcadores apresetativos em Português Europeu: <i>imagina, repara e olha</i>	
<i>Isabel Duarte</i>	49-65
Revertendo o proceso de substitución lingüística: a figura do suxeito neofalante na Galiza actual	
<i>María Fernández Zas</i>	67-85
Entre a fonética e a sintaxe: crase, combinación de unidades lingüísticas e segmentación copulativa nas secuencias rimáticas das cantigas	
<i>Manuel Ferreiro</i>	87-105
A obra de Xosé Ramón Freixeiro Mato: unha sede nacional para a lingua galega	
<i>María Pilar García Negro</i>	107-115
Traduom de qualidade e galego de qualidade: a propósito do tratamento tradutivo das denominacións vernáculos de organismos na prosa ficcional	
<i>Carlos Garrido</i>	117-139
A lingua galega en Internet após dúas décadas	
<i>Xavier Guinovart</i>	141-156
O sufixo <i>-az</i> no galego-portugués medieval	
<i>Xoán Luís López Viñas</i>	157-178
Análise sociolingüística e tradutolóxica das versións do inglés realizadas pola irmandiña María Luz Morales	
<i>María Jesús Lorenzo-Modia</i>	179-190
Antonio Benito Fandiño e o <i>Entremesño do Antroido pr'os rapaces</i> (1813)	
<i>Ramón Mariño Paz / Damián Suárez Vázquez</i>	191-204
Contextos de uso do marcador discursivo <i>pronto</i> e <i>ethos</i> discursivo	
<i>María Aldina Marques</i>	205-219

Partículas vocativas de origem nominal no galego, portuguê e romeno	
<i>Aurélia Merlan</i>	221-241
O humor gráfico como estratexia social fronte ás ideoloxías lingüísticas hexemónicas. Unha nota sobre a historia sociolingüística do galego	
<i>Estefanía Mosquera Castro</i>	243-258
Da norma, da norma lingüística e do portuguê do Brasil	
<i>Sandra Pérez López</i>	259-273
O léxico do Romanceiro fronte ao léxico da Lírica Cortês: convergências e divergências	
<i>Natália Pires</i>	275-292
Escrita e oralidade pela análise de espectrogramas: fenómenos fonéticos individuais, comunitários e gerais	
<i>Helena Rebelo</i>	293-314
A concorrência <i>ponta, ponto</i> vs. <i>punta, punto</i> , e similares. Breve aproximación	
<i>José Luís Rodríguez</i>	315-331
Da subalternidade da língua galega no período autonómico	
<i>Roberto Samartim</i>	333-350
Algúns aspectos da sintaxe dialectal portuguesa dos inicios do século XX e a súa correspondencia co galego	
<i>Xosé Manuel Sánchez Rei</i>	351-368
Fontes de uma herança histórico-cultural portuguesa: os registos foraleiros manuelinos	
<i>Olinda Santana</i>	369-388
A emoción na linguagem verbal: das interjeições ao calão na Fala Bracarense	
<i>José Teixeira</i>	389-409

Para Xosé Ramón Freixeiro Mato,
amante dos *liricos acentos* da nosa lingua
e excelente coñecedor das *cativantes falas* en que ela se manifesta

O sufixo -az no galego-portugués medieval

Xoán López Viñas

Grupo ILLA

Universidade da Coruña

Resumo:

O propósito deste artigo é realizar un estudo exhaustivo do sufixo -az no galego-portugués medieval para describir a súa forma, función e significado e para extraer as causas da súa improdutividade, tendo como base a totalidade do corpus textual medieval presente no *Corpus Informatizado Galego-Portugués Antigo* (CGPA). Nesta análise examínanse todas as palabras terminadas en -az e compróbase que proceden de formacións latinas derivadas co sufixo -AX, -ACIS, que se introducen maioritariamente nos séculos XV e XVI en territorio portugués; de formacións creadas no romance galego-portugués, que se rexistran nomeadamente en textos galegos ligados á corte de Afonso X; ou de formacións do árabe e do provençal. Precisamente, como se poderá comprobar, esta confluencia do sufixo con voces acabadas en -az doutras orixes, xunto co carácter culto dos derivados e coa existencia de corradicais co sufixo -azo/a e -ado, parecen ser as causas da baixa produtividade deste elemento afixal.

Palabras chave:

Formación de palabras; sufixos; sufixo -az; produtividade; galego-portugués medieval.

The suffix -az in medieval Galician-Portuguese

Abstract:

The aim of this article is to conduct an exhaustive study of the suffix -az in medieval Galician-Portuguese in order to describe its form, function and meaning and to ascertain the causes of its unproductivity, in the Corpus Informatizado Galego-Portugués Antigo (CGPA). In this analysis all the words finished in -az are examined, and it is verified that they come from (i) Latin-derived forms with the suffix -AX, -ACIS, which are introduced mainly in centuries XV and XVI in Portuguese territory; (ii) forms created in the Galician-Portuguese romance, which are documented in particular in Galician texts linked to the court of Alfonso X; or (iii) forms of Arabic and Provençal origin. As can be seen, it is precisely this confluence of the suffix with voices ending in -az from other origins, together with the learned character of derivatives and the existence of corradicals with the suffix -azo/a and -ado that seem to be the causes of the low productivity of this affix.

Key words:

Word formation; suffixation; suffix -az; productivity; medieval Galician-Portuguese.

A escasa produtividade do sufixo *-az* na lingua galega, e nas linguas románicas no xeral, fixo que non fose tratado con maior profundamento. Así, no presente artigo tentarase describir do modo máis exhaustivo posíbel o sufixo *-az* tanto en latín como no romance galego-portugués coa finalidade de analizar a forma, a función e as causas da produtividade—ou improdutividade neste caso, como veremos— deste afixo na nosa lingua. Por este motivo, vanse analizar tamén todas as palabras acabadas en *-az* na lingua medieval, para comprobar se todas se corresponden con palabras sufixadas en latín ou en galego-portugués ou, se polo contrario, constitúen terminacións procedentes doutras linguas e non son derivadas mediante o sufixo *-az*. Así mesmo, dentro das palabras sufixadas no romance galego-portugués con este elemento afixal, cómpre analizar se estas formacións son todas derivadas do sufixo *-AX*, *-ACIS* ou se proceden doutro sufixo. Por último, alén da descrición de voces en *-az*, nalgún caso aproveitarase para facer unha historia breve de cada palabra en cuestión.

Para levar a cabo esta pesquisa, foi empregado o *Corpus informático do Galego-Portugués Antigo* (CGPA) para listar todos os vocábulos terminados en *-az*, descartando aqueles casos en que se trataban de terminacións verbais ou nominais. Deste xeito, na análise inclúense tanto formacións derivadas latinas como romances na lingua galego-portuguesa medieval documentadas tanto ao norte como ao sur do río Miño.

1. O sufixo *-az*

O sufixo *-az* procede do latín *-ACEM* (*-AX*, *-ACIS*), o cal formaba adxectivos deverbais tendo como base unicamente o radical do verbo, polo que carecía de vogal temática. Como en todos os vocábulos deverbativos, do punto de vista sintáctico prodúcese unha transcategorización funcional de verbo a adxectivo e semanticamente poñen en relación o substantivo determinado por eles co concepto verbal presente na súa base de derivación. Esta conexión do adxectivo en *-AX* co verbo fica tamén patente na clasificación de Leumann (1944: 140), que inclúe estes sufixos que forman adxectivos deverbais de carácter activo no grupo dos participios de presente e de futuro-activo dado o seu valor semellante, fronte a outros sufixos que crean adxectivos deverbais de necesidade ou obrigatoriedade pasiva relacionados co participio de perfecto pasivo. Con todo, algunhas sufixacións latinas con *-AX* parecen mostrar unha base denominal (*MENDAX* < *MENDUM*, *-A*; *VERAX* < *VERUS*, *-A*, *-UM*)¹.

1 Aínda que nos estudos sobre esta sufixación latina só se contempla a procedencia deverbativa, Arias Abellán (2003a: 115, n. 5) non omite a súa orixe denominativa do punto de vista estritamente morfolóxico; porén, “—como sostienen Ernout y Meillet (cfr. *s.u. mens* y *mentior*)— al integrarse en la serie en *-ax*, es sentido como el adjetivo (deverbativo) correspondiente a *mentior*”. O mesmo argumento é o expresado para *uerax* (Arias Abellán, 2003a: 116, n. 8).

Tradicionalmente, ao sufixo latino *-AX* atribuíronselle dous valores semánticos principais (Arias Abellán, 2003a; 2003b; 2012): un connotativo ‘negativo’ ou ‘pexorativo’ e outro intensivo de ‘abundancia’, ‘exceso’ ou ‘aumento’. Na primeira esfera semántica, encontramos termos claramente pexorativos como, por exemplo, *FALLAX* ‘que engana, enganoso/a’ < *FALLO* ‘enganar’ e *MENDAX* ‘que mente, mentireiro/a’ < *MENDUM/-A* ou *MENTIOR* ‘mentir’. Con todo, nos adxectivos *FERAX* ‘que fecunda; fértil’ < *FERO* ‘levar no ventre, fecundar, producir’ e *VERAX* ‘que di a verdade, verdadeiro/a’ < *VERUS*, *-A*, *-UM* ‘verdadeiro/a’, entre outros, podemos comprobar unha valoración positiva, en concordancia co cariz meliorativo das respectivas bases de derivación. Inclusive, algúns adxectivos en *-AX* poden presentar un trazo negativo-pexorativo ou denotar estritamente a idea da súa base (*AUDAX* ‘audaz, atrevido’ < *AUDO* ‘atreverse’; *TENAX* ‘apegado a (o diñeiro); asido’ < *TENEO* ‘ter, reter, asir’).

Por outra parte, a noción intensiva de ‘abundancia’, ‘exceso’ ou ‘aumento’ é a que se rexistra nos adxectivos *EDAX* ‘que come moito’ < *EDO* ‘comer’ ou *LOQUAX* ‘que fala moito’ < *LOQUOR* ‘falar’, entre outros. Porén, Arias Abellán cuestiona en certo modo este trazo semántico, xa que a maior parte destes termos presentan “gradación intensiva y perifrástica, gradación que les sería teóricamente innecesaria si fueran inherentemente portadores de contenidos de signo aumentativo” (Arias Abellán, 2012: 654).

Alén da delimitación de ambos os valores, Arias Abellán (2003a, 2003b, 2012) considera que, na realidade, os adxectivos en *-AX* presentan un valor verbal que é inherente aos substantivos a que determinan; así, “*procax*, que, referido a substantivos del ámbito sexual, actualiza una naturaleza habitual de petición o deseo ininterumpidos, en *minax*, dicho de seres, como el diablo, que contienen como un rasgo esencial de su naturaleza el de la «amenaza»” (Arias Abellán, 2012: 655). Desta maneira, e conforme esta autora, esta posesión intrínseca sería a responsábel de proxectar tanto o carácter iterativo, durativo ou intensificador como o matiz connotativo (negativo ou positivo) das nocións verbais da base.

Se agora se pon a ollada no romance, os adxectivos en *-az* –salvo dous substantivos– procedentes de formacións latinas (*audaz*, *contumaz*...)² entran maioritariamente na lingua galego-portuguesa a partir dos séculos XV e XVI en textos portugueses, coincidindo co auxe do Humanismo renacentista. Como sufixo formador de novas palabras derivadas no paso do latín ao romance, sofre unha mudanza no seu estatuto categorial, ao pasar a formar practicamente só substantivos, tal como pode comprobarse no período inicial medieval (López Viñas, 2015: 108-109), e a súa produtividade redúcese

2 Este tipo de formacións son as únicas que se recollen para o español (Rayner, 1999); neste sentido, Rayner caracterízao como un sufixo improdutivo que creou adxectivos verbais con significado activo disposicional. Porén, esta improdutividade debe ser entendida na lingua española e no resto de romances, xa que todas estas formacións de que fala (*mordaz*, por exemplo), como se pode comprobar, tiveron lugar na lingua latina.

enormemente (e posteriormente chegará practicamente a se desactivar como sufixo dispoñíbel). Alén disto, chama a atención que estas formacións (salvo *agraz*) só se rexistran en territorio galego, e a maior parte ligadas á corte de Afonso X. Así pois, en galego van crearse poucos nomes en *-az* unicamente derivados de substantivos, xa que esta produtividade afecta a menos dunha decena de voces, constituíndo *hapax* na maior parte dos casos. O produto resultante desta sufixación no corpus medieval é principalmente un substantivo que achega nocións de ‘pexoración’ ou de ‘posesión intrínseca’, como en latín. Así mesmo, un pequeno grupo de palabras formadas con *-az* en galego-portugués presenta un valor ‘aumentativo’, por veces xa lexicalizado, que o relaciona co sufixo aumentativo *-azo/a* (chegando a alternar modernamente ambos os corradicais), como en *agraz* ou *arcaz*; esta relación xa fora salientada por Corominas & Pascual no DCECH (s.v. *agro*) ao indicar que “*-az* es variante castellana del sufijo *-azo*” e pode verse na historia da lingua en diversos resultados medievais como *topaz* (< *TOPAZIUM*) ou *Bonifaz* (< Bonifacio). Por tanto, talvez haxa que diferenciar entre un sufixo *-az*¹ (< *-ACEM*) e outro *-az*² (< *-azo* < *-ACEUM*, *-ACEAM*).

Do punto de vista da descrición gramatical, nos estudos lingüísticos e nas gramáticas a marxinalidade deste sufixo fica patente tanto ao estar ausente do repertorio de sufixos actuais nalgunhas gramáticas galegas (Álvarez & Xove, 2002; Hermida Gulías, 2004) como ao se definir como un sufixo improductivo. Neste sentido, Ferreiro (1996: 179) caracterízao como un sufixo nominal con “escasa rendibilidade fóra da época medieval”, xa que modernamente só afecta os adxectivos *lambaz* e *ricaz*³. O profesor da UDC indica que este sufixo aparece en substantivos medievais de carácter pexorativo, como *escudeiraz*, *fumaz*, *escudeiraz* e *ricomaz*. Pola súa banda, Freixeiro Mato (1999) englobaos dentro dos sufixos formadores de adxectivos; malia non indicar sobre que base ou bases opera, só cita *ricaz*, polo que se pode entender que crea adxectivos deadxectivais. Respecto ao seu comportamento semántico, defíneo como un sufixo caracterizador ao indicar calidades que serven para definir persoas ou cousas, sen connotación negativa, xa que os pexorativos son tratados noutro apartado.

1.1. Voces con sufixo *-az* de formación latina

audaz

O adxectivo *audaz* procede do latín *AUDACEM*, cuxo sufixo *-AX* se une á base verbal *AUDO*, *-ĒRE* ‘ousar’. Como indicamos anteriormente, este adxectivo deverbal presen-

3 Aínda que fica fóra deste estudo, a sufixación con *-az* só afectou modernamente o adxectivo *lambaz* (rexistrado en Sarmiento e en Pintos, mais hoxe en desuso) e o adxectivo deadxectivo *ricaz* < *rico*, que presenta un matiz ‘caracterizador’ ou ‘cualificador’, cuxa entrada na lingua literaria tivo lugar nos anos 20 do século XX con Cotarelo Valledor e Bouza Brey (TILG, s.v. *ricaz*), talvez influenciados polo pasado medieval.

ta unha significación tanto neutra como negativa ou positiva⁴, aplicada a persoas en Plauto, Petronio e nos *Carmina Latina Epigraphica*. Así, apréciase un valor neutro, ao se utilizar sen ningunha adición valorativa expresando estritamente a idea de ‘atrevemento, ousadía’ da súa base verbal; unha significación positiva, cando o atrevemento se basea na seguridade, na tranquilidade de ánimo ou na louvanza; e unha carga pexorativa, cando o atrevemento desencadea accións negativas (Arias Abellán, 2003a: 116 e 120; 2003b; 2012: 651).

No corpus medieval, *audaz* só se testemuña en dous documentos escritos en Portugal ao longo do século XV (1401-1500 e 1437-1438, respectivamente), nos cales o adxectivo se aplica a persoas e presenta un matiz totalmente positivo (‘ousado, valente, sen medo’):

aymda amtre as outras gentes de sua lley por mais **audaz** (P-ZPM, I, 76).
em aquellas cousas que entende que tem de fazer, e **audaz** e sem temor e myngua (P-LC, 50).

capaz-incapaz

O adxectivo *capaz* provén do vocábulo sufixado latino *CAPACEM*, que deriva do verbo *CAPĪO*, -ĒRE ‘coller, obter, caber’. Este derivado presenta varios significados (OLD, s.v. *capax*): ‘que ten moito espazo’ (dito de lugares), ‘capaz de conter (cousas materiais ou abstractas)’, ‘capaz de ter ou obter’, ‘capaz de ocupar, competente ou apto para...’ e ‘capaz de comprender’.

Rexístrase no noso corpus con cinco ocorrencias nun texto escrito en Portugal en 1504, con dúas en dous textos en castelán escritos en Zamora en 1505 e 1512 e con unha nun texto tamén en castelán escrito en Ourense en 1544. Nestes documentos podemos percibir o significado global de se referir unha persoa ou lugar que ten ámbito ou espazo suficiente para recibir ou conter en si outra cousa, tarefa ou función debido á súa predisposición, resistencia ou habilidades. Así, aplicado a unha persoa, pode aludir alguén ‘competente, hábil, apto, capaz de comprender, comprensivo’:

huũ lume de gloria que esforçará nosso entẽdimẽto e o fara **capaz** pera veer a essencia divinal perfeitamẽte (P-Cat, I).
sobrepjou pera redẽpçam dos pecados de mil milhões de mũdos, mortos, vivos, nascidos e por naçer, e que nũca ham de naçer, e dos demonios e dãpnados, se fossem **capazes** da misericordia (P-Cat, I, 4).
som ou podem ser **capazes** da bem.avẽturãça (P-Cat, II, 3).
amaremos per caridade aos que som **capazes** de bem.aventurança (P-Cat, II, 3).

alguén ‘que pode realizar unha determinada acción’:

4 Con todo, como se indica no OLD, por veces a fronteira entre o trazo negativo ou positivo é difusa.

moriendo de muerte natural de que no podemos huir, ni es **capaz** toda persona en este siglo viviente (G-GHCD, 76).

ou alguén ‘que é capaz de ter ou de obter algo’:

esta en verdadeira penitencia y es **capaz** de los meritos e indulgencias de la sancta madre Yglesia (G-SHIG, Our. 28).

No caso de se relaciona cun lugar, indica ‘que ten espazo para conter algo; espazoso, amplo’:

se construye, y edifica en dicha ciudad en sitio comodo y **capaz** de ella, un Hospital (G-GHCD, 111).

O termo contrario, **incapaz** (do latín posclásico INCAPACEM), presenta o significado de ‘incapaz, indisolúbel, indestrutíbel’ (LD, s.v. *incapax*)⁵, mentres que no corpus se documenta con tres ocorrencias nun texto de 1544 escrito en Ourense en castelán co significado de ‘falta de talento ou capacidade’ (no primeiro exemplo) ou de ‘falta de aptitude (legal) para determinados actos’ (nos dous seguintes exemplos):

E si algunos fueren tan rudos e **incapazes** que alli no lo puedan entender ni aprender, amonesten a sus padres y madres que se lo enseñen (G-SHIG, Our. 28).

E ninguno haga lo contrario so pena de excomunion en la qual ipso facto incurra lo contrario haziendo, e que quede **incapaz** para haver beneficio en este obispado (G-SHIG, Our. 28).

e si beneficio no tuviere y sirviere en la dicha yglesia, que por el mismo caso quede inhabil e **incapaz** para servir de ay adelante (G-SHIG, Our. 28).

contumaz

Pola súa banda, o cultismo **contumaz** vén do étimo CONTUMACEM, formado a partir do verbo CONTUMĒO, -ĒRE (‘ser orgulloso’), e este do prefixo CON-/CUM- e o verbo TUMEO (‘estar inchado’). Este adxectivo aplicábase en latín a persoas, achegando unha noción claramente pexorativa co significado de ‘orgulloso, inflexíbel, obstinado’ ou, no ámbito do Dereito, de ‘rebelde, que desobedece unha orde’ (OLD, s.v. *contumax*).

Este significado de ‘rebelde, obstinado, tenaz no erro’ ligado ao Dereito é co que aparece nos exemplos do corpus. O primeiro rexistro data de 1280 nun documento galego-portugués circunscrito ao territorio portugués procedente da tradución da

5 Non se recolle no OLD.

Summa de los tiempos de los pleitos de Jacobo de las Leyes, dous en territorio galego en 1412 e 1469 (baixo a forma *contomazes*) e os outros catro son documentos en castelán de Zamora (1465), Tui (1482) e Ourense (1544).

En tempo quando as p(ar)tes razoã sob(re) las provas muytas cousas se podẽ diz(er). Come se forẽ recebudas a ot(ra) parte nõ chamada [nẽ seendo] p(re) sente nõ seendo **contumaz**, e q(ue) forõ recebudas nõ seendo começado o p(re)yto (P-TP, 7).

E por quanto non paresçeron, foron per min per moytas vezes dados e pronunçados por **contomazes**, e en suas contomazias e a pedimento do procurador do dito conuento (G-SVP, 99).

rentas do bispo que él recadase e que podese enprazar e leuar ós **contomazes** e podese vender as prendas que lle fosen dadas (G-VFD, 72).

njn podades ser avidos por rebeldes njn **contumazes** (G-HCIM, 77).

E mandamos que valgan bien e asy commo si en sus proprias personas de los tales rebeldes e **contumazes** fuesen leydas e publicadas Tui 1482 (G-SHIG, Tui 1).

E si por tiempo de un año anssi estuviere **contumaz** y rebelde (G-SHIG, Our. 28).

siendole provado, por la primera vez incurra en pena de un marco de plata, y por la segunda en pena de dos marcos, y por la tercera en pena de tres marcos, y si en esto fuere **contumaz**, procederemos contra el segun hallaremos por derecho (G-SHIG, Our. 28).

eficaz

A voz *eficaz* procede da palabra sufixada latina EFFICACEM, creada pola xunción do sufixo ao verbo EFFICĪO, -ĒRE ‘executar, producir’. A acepción do adxectivo latino fai mención a unha persoa ou cousa (nomeadamente un preparado médico) que é capaz de cumprir unha función especificada ou implícita, de modo eficiente ou legalmente válida (OLD, s.v. *eficax*). No corpus documéntanse dous casos con estas nocións de ‘que produce bo resultado, que logra o efecto que se desexa ou espera’ nun documento de 1401 escrito en castelán en Santiago e coa do ‘cumprimento válido legalmente’ nun texto en galego-portugués de 1504 escrito ao sur do río Miño:

la esperiencia, que es madre e maestra **eficaz** de las cosas (G-SHIG, Sant. 16). neestes quatro casos nõ he sempre obrigado a restituuyr, salvo quando he verisimile que estas cousas forã **eficazes** pera ho delicto e sem ellas nõ se fizera (P-Cat, II, 39).

fornaz

Dentro dos vocábulos latinos sufixados con -AX, destaca *fornaz* por ser un substantivo feminino procedente do tamén substantivo clásico FORNACEM, que significaba

‘forno industrial pequeno [para cocer cerámica, fundir metais etc.]’ (cfr. lat. FURNUS ‘forno para facer pan’) (OLD, s.v. *fornax* e *furnus*). Por tanto, non estamos perante un adxectivo deverbais que presente as significacións anteriormente comentadas, senón que -AX achegaría certo valor diminutivo (forno máis pequeno que un *furnus*) ou talvez unha especialización semántica entre *fornax* (‘forno para cerámica, metal...’) e *furnus* (‘forno para pan’).

No galego-portugués medieval rexistrámolo unha única vez na *General Estoria* (1300-1330):

seruyo Esau aJacob em este segudamêto, cōmo faz alyma ao ferro, et afornaz ao ouro queo purga et esmera et o faz puro et paresçe mellor (G-XH VII, 3).

Posteriormente, encontrámolo baixo a forma *fornaza* nun texto escrito en Portugal entre 1400-1450, nun contexto similar ao anterior:

Dês i, as tribullações purguam a alma, assi como a **fornaza** ho ouro, e como jueira, o g(r)ão, e como a lima, o ferro, segundo diz Sam Gregório (P-CP II, 34).

Ambas as formas están recollidas nos dicionarios preestándares, como nos de Porto Rey (en que aparecen as dúas voces), Carré Alvarells (s.v. *fornaz*), Cuveiro Piñol (s.v. *fornaza*) e Filgueira Valverde (s.v. *fornaza*) (cfr. TILG). Porén, no DE recóllese unicamente a forma *fornaça* cunha acepción provista dunha restrición de significado: ‘lugar onde ficaram restos de fundições minerais’. A este respecto, pode observarse unha reciprocidade entre os sufixos -az e -azo/-aza, como veremos.

mordaz

O adxectivo ***mordaz*** provén do latín MORDACEM, derivado por sufixación deverbais de MORDO, -ĒRE ‘morder’, que posuía un significado denotativo relacionado coa súa base de derivación ‘propenso a morder, brusco’ ao carón dun posterior (na latinidade tardía) significado figurado de teor negativo ‘cortante, afiado; corrosivo, punzante; picante ao gusto’ (con substantivos como *invidia*, *sollicitudo* etc.), que tamén se podía aplicar a comentarios ou persoas (OLD, s.v. *mordax*; Arias Abellán, 2003: 117, n. 14). Este significado figurado atribuído a accións ou facultades biolóxicas é o que se presenta no corpus do galego-portugués medieval, que conta con dúas ocorrencias marxinais deste adxectivo en plural no século XV en territorio portugués:

a uirtude da humildade que faz a mête e a alma do homẽ folgada dos cuydados **mordazes** ã esta presente uida (P-OE IV, 42).

Clamava ao Sen(h)or D(eu)s pedimdo -lhe que ho guardasse das limgoas repremsoras τ **mordazes** (P-ZPM I, 2/7).

pertinaz

Pertinaz, do latín *PERTINACEM* é un adxectivo derivado do verbo *PERTĪNEŌ*, *-ĒRE* (de *PER* + *TENEO*, *-ERE*), igual que *tenaz* (véxase *infra*) de *TENACEM*, e este de *TENĒŌ*, *-ĒRE*. A prefixación dálle certo carácter intensivo ou superlativo (mesmo de duración no tempo) aos distintos significados que presenta na latinidade; así, aplicado a persoas pode aludir ao apego aos cartos, como en Plauto (Arias Abellán, 2003: 119), á idea de constancia, obstinación, terquidade, perseverancia, tenacidade (non necesariamente asociado cun valor negativo). Estes valores tamén poden aplicarse a actividades, actitudes ou condicións. Así mesmo, referido a unha planta ou á memoria, asígnase un significado de conservación das súas características, de aí que cunha enfermidade se asocie a unha diagnose intratábel (OLD, s.v. *pertinax*).

A entrada deste vocábulo no corpus medieval data do primeiro cuartel do século XIV, entre 1437-1438 e só volta a aparecer en 1504, ambos en territorio portugués. Como se pode observar nos exemplos, o adxectivo verbal *pertinaz* apunta a unha calidade dunha persoa quer pexorativa (ligada a ‘porfiado, testán’):

E o perfioso e **pertinaz**, seguyndo e comprynndo o desordenado desejo de sseu coraçom e voontade, quer mal (P-LC, 80).

quer intensiva, como a que se pode observar na definición de *perseverança*, cuxo exceso desta calidade se torna en *pertinacia*:

Perseverança he virtude que que faz firme o coraçõ pera que nom afroxre cõ temor da fadigua polla longura da bõa obra; ho que excede se diz **pertinaz**, que permanece em sua sentença mais do que deve (P-Cat II, 17).

rapaz

O vocábulo **rapaz** procede do vocábulo sufixado latino *RAPACEM*, nomeadamente adxectivo, que deriva do verbo *RAPĪŌ*, *-ĒRE* ‘arrebatar, levar pola forza’. Este derivado presenta os significados en latín (OLD, s.v. *rapax*) de ‘propenso a arrebatar ou atrapar cousas ou presas’ e ‘excesivamente cobizoso’ –como substantivo ‘presa, depredador’–, de modo que se pode intuír unha certa carga negativa. Efectivamente, como demostra Arias Abellán (2012: 652-653), *rapax* mostra usos negativos de ‘rapacidade ou roubo’ aplicado a persoas ou animais, xunto co trazo de ‘(subtracción) con violencia ou pola forza’. Porén, na latinidade esta ‘forza intensa’ tamén se asocia con empregos positivos.

No galego-portugués medieval o termo *rapaz* é o que presenta un maior número de ocorrencias cun total de 27 ocorrencias, das cales 18 se dan na lírica profana (13 en singular e 5 en plural) como substantivo cos semas de ‘rapaz, mozo, malandro (despectivo)’ e ‘criado, servente’ (Ferreiro, 2018), como vemos en senllos exemplos:

e ùu **rapaz** tinhoso, que a de part'estava, / chamava minha nana «velha fududanca» (G-P-LP, 10).

ũ[u] rapaz que era seu criado / levou-lh'o rocin e leixou-lh'a mua [...] Aquel **rapaz** que lh'o rocin levou (G-P-LP, 42).

No resto de casos *rapaz* utilízase co valor de 'mozo':

sen **rrapazes** et sen outra gente meuda (G-TC, 385).

el rey de Segura que era **rapaz** (P-CGE, 377).

O único uso de *rapaz* como adxectivo documéntase, mediante a forma "rabazes", a finais do período medieval, en 1489, en territorio portugués, en cuxa pasaxe pode verse claramente o significado latino:

e seiã postos ã poder de lobos roubadores **rabazes** e de bestas feras (P-TC, II, 9).

sagaz

O adxectivo *sagaz* provén do latín *SAGACEM*, formado polo verbo *SAGIO*, -IRE 'ter bo olfacto' e o sufixo -AX. Os significados que se recollen en latín (OLD, s.v. *sagax*) son de 'perfumado, entusiasta' e de 'agudo, perspicaz' (aplicado a persoas e palabras). Esta segunda acepción ligada a seres humanos é a que se encontra no corpus medieval, no cal só aparece 3 veces, circunscritas sempre territorio portugués entre os séculos XV (un documento datado entre 1401-1500) e XVI (dous documentos datados entre 1501-1600).

ca foy gente arteira τ **sagaz** (P-ZPM, II, 35).

aquelle que com elle fugio da batalla, fose hũu homem **sagaz** e manhoso em todas as outras cousas (P-CRB, 15).

pera os taees negocios era asaz **sagaz** e ousado (P-CRB, 16).

siguaz

A forma *siguaz* é a evolución patrimonial do adxectivo latino *SEQUACEM* (moderno *secuaz*), creada por sufixación a partir do verbo *SEQUOR*, -I 'seguir'. O sufixo -ax achégalle o valor de 'inclinación a', de aí que o significado primario sexa o de 'seguidor, partidario', ao carón de 'adicto a', mais aplicado a materiais alude a algo 'flexíbel, dúctil, manexábel' (OLD, s.v. *sequax*). No galego-portugués medieval encontramos unha única ocorrencia nunha cantiga de Afonso X (1240-1300), en que se observa transparentemente o valor pexorativo (nun grao de comparación de superioridade a respecto de *rapaz*) de persoas –infanzóns neste caso– que seguen temerariamente as ordes de quen manda, unha especie de escravo da autoridade.

Vi eu de coteifes azes | con infanções **[s]iguazes** | mui peores ca rapazes; | e
ouveron tal pavor, | que os seus panos d ‘ arrazes | tornaron doutra color (G-P-
LP, 028).

tenaz

Como xa adiantamos en *pertinaz*, **tenaz** é a adaptación do adxectivo latino TENACEM, derivado do verbo TENĒO, -ĒRE ‘ter, reter’. En latín rexistra usos tanto denotativos, ao ser vincular directamente co significado da base, como connotativos negativos ligados ao ‘apego a algo (como o diñeiro)’ (Arias Abellán, 2003: 117). Entre as acepcións que se recollen no OLD (s.v. *tenax*), destacan a de ‘aferrado, apegado a’, ‘capaz de manter ou reter’, ‘avaro’, ‘firme, persistente, obstinado, testán’. Estes dous últimos valores son os que se documentan nas dúas únicas ocorrencias, testadas en territorio portugués, unha entre 1437 e 1438 (no *Leal Conselheiro*) e outra en 1504.

A figueira occupa a terra sem fruyto, quando a m[en]te dos **tenazes** e scassos
aquello, que a muytos podia aproveitar, sem proveito guarda (P-LC, 90).

sete maneiras há de avarêtos, scilicet, **tenaz**, que no dá nada (P-Cat II, 28).

1.2. Voces con sufixo *-az* de formación romance

agraz

O substantivo masculino **agraz** parece derivar do antigo *agro* (mod. *agre*), procedente do latín ACRUM, por ACER, ACRIS, ACRE, tal e como se reflicte na maior parte dos dicionarios galego-portugueses e do español como o DLE. Porén, para Corominas & Pascual (DECH, s.v. *agro*), os resultados iberorrománicos e galorrománicos parecen apuntar a unha base latino-vulgar *AGRACEUM; nesta voz indican, como se dixo, que “-az es variante castellana del sufijo -azo”, feito que explicaría a forma *agrazo/agraço*. Neste sentido, se ben nos dicionarios galegos actuais se recolle *agraz* como única forma⁶ (talvez por ser a única rexistrada nos textos literarios galegos, segundo TMILG e TILG), nos dicionarios galegos contemporáneos prenormativos e nos portugueses rexístrase (tamén) a forma *agrazo/agraço*, postulándose unha formación co sufixo *-azo/-aço*. Neste sentido, cabe recordar que *-azo* pode presentar tres valores diferentes (Ferreiro, 2001; Pharies, 2002: 42): ‘de relación’, como corresponde ao sufixo latino -ACEUS, de pertenza ou natureza de algo; ‘aumentativo’; e ‘golpe’. Así, a vinculación entre os sufixos *-az* e *-azo* patentízase tanto polo

6 Nótase que no DE se recollen as formas *agraz* e *agraço*, aínda que se prioriza a primeira, en que se desenvolven as acepcións.

significado intrínseco ou relacional dos sufixos -AX e -ACEUS como pola posibilidade como variantes diverxentes do mesmo sufixo -ACEUS. Así mesmo, inclusive poderíamos estar perante un préstamo do occitano antigo ou catalán *agraz/agrás* ou do francés medio *esgraz*, como apunta García Arias (2007)⁷. Estas, xa que logo, poderían ser unhas das posíbeis causas da baixa produtividade de -az.

No corpus medieval, a voz *agraz* só se documenta en territorio galego, con dúas ocorrencias nas *Cantigas de Santa María* (1264-1284) de Afonso X, unha nos *Foros de Castelo Rodrigo* (1280-1290) e unha no cancioneiro galego-castelán (1355-1424), mentres que *agraço* aparece en dous documentos portugueses do século XV.

Assi a Virgen avïir / fez estas duas, sen falir, / que xa ‘ ant ‘ avian, sen mentir,
/denteira come con **agraz** (G-CSM, 68).

E outro dia os que madurgaron / e a viron fórona espertar / e como sãara lle
preguntaron, / e ela ren non lles quiso negar; / e pola confortar logo mandaron
/ que lle dessen caldo con do **agraz** (G-CSM, 105).

E qui achare uuas o **agrazes**, si recabdo non dere onde as ha, peyte. I. mor
(G-FCR I, 17).

Por esto, amigos, so emaginado / en cujo esforço Viçente o fez, / o esta dentera,
si es de o **agraz**, / foi ben azeda no tempo passado (CGC, 29).

Per ventura este de que vos escarneçais imda vos ade lamçar ho **agraço** no
olho (P-CDJII 2, XIV).

Titulo .cxl. sse o sacramêto sse pode fazer con vinho de **agraço** ou com mosto
ou com ho que ssay do azeo ëpremydo (P-S II, 140).

Canto ao significado, *agraz* (ou *agraço*) alude a un ‘zume de uvas verdes’ (Mettmann 1972: s.v.) ou directamente ‘uva verde’ (como pode verse en G-FCR e P-CDJII). Este condimento fai referencia a un prebe ácido moi usado na Antigüidade⁸ e especialmente na Idade Media que se obtiña da uva verde e que se engadía ás comidas ou bebidas para lles dar sabor. Tal noción parece remitir para un líquido da natureza da uva verde ou agre, polo que se reflicte un significado parcialmente lexicalizado, como acontece coas palabras derivadas da primeira acepción de -ACEUS.

arcaz

O valor ‘aumentativo, de maior dimensión’ de -azo pode verse no substantivo masculino **arcaz**, polo que novamente vemos unha correlación entre -az e -azo, ou xa directamente dúas variantes do mesmo sufixo.

7 Este autor propón ao respecto unha posíbel base latina *acrax*, aínda que nos parece máis dubidosa.

8 En grego recibía o nome de *onphakion*. Cfr. López Eire (2009-: s.v. *onphakion*), pois o primeiro texto sistemático que se coñece do *agraz/onphakion* áchase en *De materia medica* de Pedanio Dioscórides.

A presenza de *arcaz* no corpus do galego-portugués medieval⁹ tamén está restrinxida a dúas únicas ocorrencias nun texto de 1519:

Yten, mando a miña neta Marquesa un terço de algodón, questá no meu **arcaz** e duas toucas con una que ja ten (G-VFD, 122).

Yten, me debe Tereixa, miña filla, sobre unos bincos que ay acharán eno meu **arcaz**, un real e medio de quatro baras destopa (G-VFD, 122).

O significado é o de ‘arca grande ou arcón onde se gardan as roupas da cama’. Esta mesma acepción está presente en *arçazo*, documentado cinco veces nun testamento redixido en Lugo en 1414, aínda que talvez faga referencia tamén a un cofre para gardar reliquias:

Item mando mays o meu bribiario grande et ho outro pequeno que o poñã enno dito **arçazo** para que resen per eles os capelaes (G-HGP, 42).

Item mando a meus herdeyros et conpridores que hũ **arçazo** que eu teño en cafa que o poñã atado cõ hũa cadea de ferro (G-HGP, 42).

et leyxolles fefeẽta varas de lenço de que façan duas vestimẽtas, hũa que estẽ enno dito **arçazo** para diser as miõas (G-HGP, 42).

Item mãdo que def que teueren guifãdo que busquen hũ bõo caleç de prata et que o ponã enno dito **arçazo** para que se digan as miõas cõ el enno dito altar (G-HGP, 42).

et que busquen hũa ara para o dito altar et cantariños para a agoa et para o vjño que esten dentro enno dito **arçazo** (G-HGP, 42).

Por outra parte, talvez xa apareza a palabra *arcaz* baixo a forma *arcas*, que se documenta na *Tradución galega da Crónica Geral e da Crónica de Castela* (1295-1312):

et ãno cural muytos beesteyros et en deredor muytos **arcas** postos cõ seetas hũus sobre outros (G-TC, 510).

escudeiraz

A voz **escudeiraz** constitúe un *hapax* no corpus, pois unicamente aparece nunha das *Cantigas de Santa María*, concretamente na 317.

Como s’ achou, non há i mui san sazón, / en Galiza un **escudeiraz** peon / que quis mui felon / brita-la eigreja con felonía (G-CSM, 317).

9 Nótese tamén que a única forma que se rexistra no TILG e nos dicionarios prenormativos é *arcaz*, non *arçazo*. Por outra parte, a nivel peninsular as primeiras documentacións de *arcaz* son en 1329 no inventario de Martín Pérez de Cáseda e en 1371 nun inventario zaragozano baixo a forma *arçaz* (cfr. Gual Camarena, s.v. *arçaz*).

Na cantiga faise referencia a un soldado de a pé escudeiro que vai á romaría de Santa María do Monte e alí ve a unha doncela a quen intenta forzar. Este feito, unido á felonía do escudeiro por destruír a igrexa, como vemos na cita, confirma a caracterización negativa do sufixo *-az* (cfr. Ferreiro 2001: 179), sobre *escudeiro*, valor despectivo ou pexorativo que compartilla co sufixo *-on* en *escudeiron*, outro *hapax* que se encontra na CSM 104.

frocaz

Outro dos *hapax* que só se rexistra unha vez nas *Cantigas de Santa Maria* é *frocaz*. Este substantivo masculino é un derivado de *froque* (rexistrado na CSM 399 e na CGE) ou de *froco* (CSM 151), que constitúen adaptacións ao galego-portugués do provenzal ou francés antigo *floc-froc* ‘hábito de monxe que cobre a cabeza e as costas’ (< frâncico *HROCKK ‘chaqueta’) (DOM, s.v. *floc*; García Sabell 1991, s.v. *froque*; DCECH, s.v. *frac*, REW) e que, segundo Corominas e Pascual (DCECH, s.v. *frac*), terían recibido unha fácil acollida ao existir *froco* (< FLÖCCUM) en galego-portugués (CGPA, s.v. *frochos* en 1286; e véxase *infra* prov. *floquet*).

Mettmann (1972: s.v.) define *froque* ou *froco* como ‘hábito de frade, capuz’. Efectivamente, ambas as voces fan alusión á vestimenta dos monxes, aínda que as cantigas e as miniaturas permiten precisar con maior exactitude esta peza de roupa. Así, na cantiga 399 indícase que unha muller “froque vestiu por loriga”, facendo equivaler a loriga dos cabaleiros (camisa longa + capucha) cunha peza que portan os relixiosos, polo que se fai referencia a un hábito ou túnica monacal con capucha¹⁰. Esta referencia ao capuz explícitase por metonimia na CSM 151, que, ao se retirar da cabeza, deixaría ao descuberto a calva dos monxes: “e todos esses abades logo pera el vëeron e perdon lle demandavan / tollend’ os **frocos** das testas e descubrind’ as moleiras” (CSM 151). Asemade, as miniaturas que ilustran esta cantiga mostran varios *froques* de cor negra, polo que se pode intuír que se trataría do hábito de monxes beneditinos.

Pola súa banda, o derivado *frocaz* crea un substantivo caracterizado segundo Mettmann (1972)¹¹ polo trazo pexorativo (recollido en Ferreiro, 2001, e Freixeiro, 1999).

10 Cfr. Guerrero Lovillo (*apud* García-Sabell 1991: 154): “La indumentaria de los monjes de las cantigas es muy sencilla: la mayoría suele llevar cogulla, con o sin escapulario, otros, en menor número llevan el sayal, denominado *floch* o *froc*... En estos tiempos –finales del XIII– existía una gran confusión entre la cogulla y el *froc* o sayal. Por ello el Papa Clemente V decidió en 1312, para evitar confusiones, que se entendiese por cogulla el atavío normal abierto a ambos lados, mientras que el sayal sería una túnica dotada de amplias mangas”.

11 Con todo, cómpre indicar que en Mettmann (1962: 47, s.v. *frocaz*) aínda non se destaca ningún valor negativo, pois defínese como ‘(Mönchs)kutte’ (‘hábito [de monxe]’), mentres que *froco* ou *froque* como ‘Mönchskutte’ (‘hábito de monxe’).

O carácter despectivo talvez radique no feito de que o demo lles comenta aos outros diabos con figura de porcos que el atormentará un frade de Conturbel (Canterbury) que viste unha peza “(con)sagrada”, o *froc*az:

E aquel diabo lles respos assi: / “Pois vós non podedes, ar leixad’ a mi, / que con estes garfios que eu trag’ aqui / o desfarei, pero que trage **froc**az” (G-CSM, 82).

Porén, fóra desta interpretación pexorativa –coincidente co fr. *frocard* ‘home que porta o froc’, documentado no s. XVIII con valor despectivo (FEW, 16: 248)–, tamén é posíbel que *froc*az se trate simplemente dunha variante máis de *froc* por necesidades rimáticas (e vista a escaseza de palabras terminadas nesta secuencia), talvez a partir do provenzal *floquet* ‘vestimenta sacerdotal’ (cfr. *plombet* ou *plomès* máis adiante na entrada de *prumaz*) a partir de *FLOCCUS* (DOM, s.v. *floquet*; FEW 3: 625, s.v. *floccus*), e, consecuentemente, desprovista de connotación negativa.

fumaz

Outra voz tradicionalmente derivada en *-az* é *fumaz*, a partir de *fumo* < FUMUM. O valor que o afixo lle achega á base está asociado a un valor pexorativo, como se recolle en Mettmann (1972), en Ferreiro (2001) e en Freixeiro (2014). O único contexto en todo o corpus é na CSM 105:

serán tan sãos com ‘ hũa maçã || daqueste fogo e de seu **fumaz** (G-CSM, 105).

Así mesmo, tamén temos os corradicais *fumazo* e *fumaza*, mediante o sufixo *-azo/a*, cuxa noción semántica é a de ‘cantidade, intensidade’ ao se referir á espesura do fume. Este pode ser, por tanto, tamén o significado que aparece na cantiga, sen necesariamente ser pexorativo.

pescaz

Outro *hapax* é a voz *pescaz*, que aparece só unha vez na cantiga de escarnho e maldizer de Rui Pais de Ribela, quen tería pasado pola corte de Afonso X.

Quem vee qual cozinha ten / de carne, se s’ i non deten, / non poderá estremar ben / se x’ est carne, se **pescaz** (LP, B1437/V1047).

Neste caso, a sufixación con *-az* talvez sexa debida a un xogo debido á rima e ao valor despectivo, en vez de *pescado*, xa que a base de derivación é o verbo *pescar* e nunca podería ser susceptíbel da formación. Esta mudanza pode ser debida a unha analoxía indutora con *malvaz/malvado* (véxase *infra*), tamén exclusivo de Afonso X.

ricomaz

O substantivo ***ricomaz*** deriva do substantivo composto *ricome* (< *rico* + *home*). Este derivado presenta un matiz pexorativo, como se pode ver nas 4 ocorrencias da cantiga de Roi Paez de Ribela:

Hun ***ricomaz***, hun ***ricomaz***, | que de maos jantares faz! (G-P-LP, 20).

viaraz

Finalmente, o adxectivo ***viaraz***, que aparece acompañando a *corvo* (*corvo viaraz*) ou xa substantivado, tamén só se documenta en dúas cantigas de Joan Airas de Santiago, trobador galego que tería frecuentado a corte de Afonso X.

e indo da cas[a] ao celeiro, | ouv ‘ ñu corvo ***viaraz*** e faceiro (G-P-LP, 28).

Ca eu sei ben as aves conocer, | e con patela gorda máis me praz | que con bulhafre, voutre nen ***viaraz*** (G-P-LP, 50).

A base de *viaraz* semella ser *viario* (derivado latino de *vía*), facendo referencia ao feito de que anda polos camiños, comendo as colleitas sementadas e o millo, polo que posúe un valor caracterizador, de propiedade intrínseca á base.

1.3. Voces con terminación ***-az***

Noutros casos, as voces acabadas en *-az* non se corresponden con palabras derivadas co sufixo *-az*, senón que teñen orixe noutras linguas ou variantes. As diversas orixes sistematízanse en tres grupos:

1. Un primeiro grupo está constituído por palabras que proveñen de arabismos finalizados en *-as* ou *-assa*, en que alternan as formas *-az* e *-aça*: *almofaz*, *alvaraz*, *alfaraz*, *alfaz*, *arraz* e *faraz*.
2. Un segundo grupo está conformado por provenzalismos: *alvernaz*, *fal-paz*, *malvaz*, *prumaz*, *solaz* e *viaz*.
3. Un terceiro e nutrido grupo provén de topónimos ou antropónimos: *Diaz*, *Estevaz*...

Tendo en conta que é un grupo de vocábulos moi numeroso, e ultrapasa o espazo deste artigo, e visto o interese dalgunhas formacións, analizaranse tres voces para demostrar que tamén nos vocábulos con terminación *-az* confluíu a mesma alternancia con *-azo/a* (no caso dalgúns arabismos) ou da alternancia *-az/-ado* (no caso dalgúns provenzalismos).

almofaz

O substantivo feminino *almofaz* documéntase unha única vez no *Tratado de Alveitaria* (1409-1420) co significado de ‘utensilio de metal con dentes para limpar o pelo dos cabalos [de po e de caspa]’, e do cal orixinou o vocábulo *almofaçar* ‘limpar’ (tamén presente no TA).

e devenno almofaçar con **almofaz** mansamente que soen no espiñaço e nas coixas [e] en todoslos ne[m]bros así como conven (TA, 3.4).

O étimo máis probábel é o árabe hispánico *almuḥássa*, e este á súa vez do árabe clásico *miḥassah* (Corriente 1999, s.v. *almofaz*)¹², de aí que se rexistren no galego-portugués medieval tamén as variantes *almofaça* e *almaface*¹³.

alvaraz

Outro dos termos en *-az* de orixe árabe é o substantivo *alvaraz*, que se rexistra en dúas cantigas profanas de natureza escarniña datadas entre 1240 e 1300 (unha de Airas Veaz con 2 ocorrencias e outra de Pero Viviães con 3 ocorrencias) e nunha das *Cantigas de Santa Maria*.

mais trage ja o **alvaraz** ficado,
Fernan Furado, no olho do cuu (LP, 427.3 [B446]).
 senon que ten o **alvaraz** ficado,
Fernan Furado, no olho do cuu (LP, 427.10 [B446]).
 aquel é P[er]o Tinhoso que traz o toutuço nũu
 e traz o cancer no pisso e o **alvaraz** no cũu (LP, 1630.5-6 [B1618/V1151]).
 e disse-ll’: “Eu trago a[s] meez̃yas
 con que são de fog’ e d’ **alvaraz**” (CSM, 105.102-103).

Como se pode apreciar nas cantigas profanas, *alvaraz* aparece asociado a unha enfermidade dermatolóxica contraída por vía sexual entre Fernan Furado e Pedro Tinhoso¹⁴, mentres que nas *Cantigas de Santa Maria* está relacionada con outra enfermidade, a do *fogo salvage*.

12 Este étimo tamén é proposto no Houaiss (s.v. *almofaça*; s. XV). Pola súa parte, no PE (s.v. *almofaça*) propón *al-mihassá*, mentres que Vasconcellos (1910: 241-242, s.v. *almaface-almofaça*) propón *almohassa* (de *hassa*, ‘raspar, esfregar’).

13 Cfr. Vasconcellos (1910: 241-242, s.v. *almaface-almofaça*), que define este vocábulo como ‘raspador de pau com dentes de ferro; espécie de escova’, recolle as variantes *almaface* (nunha lei de taxas portuarias de 1253 de Afonso III de Portugal; vid. *Portugaliae Monumenta Historica* I, 195) e *almofaça* (no *Livro d’Alveitaria* do Mestre Giraldo).

14 Para unha interpretación destas composicións, véxase Cabanes Jiménez (2006).

Os dicionarios ou glosarios galego-portugueses definen *alvaraz* como un ‘tumor de carne esponjosa, espécie de lepra’ (Lapa, 1970); deste significado Mettmann (1972, s.v.) recolle unicamente ‘espécie de lepra¹⁵’. Michaëlis (1910) cita os dicionarios de Moraes de 1823, que define como ‘impigem branca, que saí nas bestas’, e de Moraes Silva de 1890, na mesma liña de ‘mpigem branca, que saí nas bestas; lepra branca’.

Porén, para esclarecer o sentido ou sentidos deste vocábulo na produción literaria galego-portuguesa medieval é necesario facer un percurso pola súa historia. Así, o étimo remítenos a unha palabra acabada en *-as*, mais a forma *alvarazo/albarazo* recollida no portugués e no español revélanos outra vez a alternancia do sufixo *-az* con *-azo*. Con todo, cómpre partir dunha forma árabe hispana *albarás*, procedente á súa vez do árabe clásico *baraš*, cuxa definición nas fontes lexicográficas e médicas árabes é imprecisa e cómpre pór en relación con outra doenza similar, *yudām*.

Canto ao termo *baraš* (traducido como ‘lepra’, ‘lepra branca’, ‘manchas brancas’, ‘escamas brancas’, ‘vitiligo’), este fai referencia a unha doenza da pel que se manifesta con manchas brancas, escamas na pel e outras lesións cutáneas, como o vitiligo, os eccemas e a lepra, pois pode incluso penetrar a pel e a carne até alcanzar o óso —e isto distinguírao do vitiligo (*bahaq*), en que a tonalidade branca só afectaba a pel superficialmente—. Pola súa parte, *yudām* (traducido como ‘*elephantiasis graecorum*’, ‘elefantíase’, ‘tipo de lepra’, ‘lepra tuberculosa’) designa varias enfermidades causadas pola propagación da bile negra que derivan na ulceración das extremidades dos membros, provocando deformidades e mutilacións; tamén pode chamarse “doenza do león” (lepra leonina ou leontíase) ou “fogo de Santo Antón” (variante identificada como *qaraḍ*) (Arcas Campoy, 2001: 57-65).

O certo é que estas inespecificidades seguramente se deban aos problemas tradutolóxicos dos textos árabes a partir dos gregos, e estes dos hebreos. Neste sentido, a enfermidade mencionada no *Levítico* ou *Antigo Testamento* (s. XV a. C.), a “*tsará’at*” (en hebreo), talvez non fixese referencia á ‘lepra’, senón a outras enfermidades dermopáticas similares, pois a sintomatoloxía da pasaxe describe unha mancha branca na pel acompañada dunha chaga.

O hebraísmo *tsará’ath* foi traducido para o grego por *lepra* (λέπρα), que designaba as lesións aparecidas na pel con aspecto escamento, que hoxe se corresponderían coa psoríase. Para a “verdadeira” lepra, ou enfermidade de Hansen, os tratados gregos empregaron o termo *elephantiasis graecorum* —en contraposición á *lepra graecorum*—, pola semellanza entre a pel do elefante e a confluencia e pregamento dos nódulos ou lepromas. Tamén se chamou *leontíase*, polas lesións na cara, e *satíriase*, pola pel en peregameo e o apetito sexual.

15 Outras denominacións da lepra na época medieval son *lepra*, *gafo*, *gafidade*, *lume* ou *fogo de San Marcial*, *de San Antonio* ou *Ignis sacer*, *mal de San Lázaro*, *elefancia dos árabes*...

Por tanto, na Idade Media, por herdanza da Antigüidade, a “lepra” fai referencia a un mal cutáneo indeterminado que engloba baixo o seu nome outras dermatoses crónicas con síntomas parecidos, como a psoríase, o eccema, o vitiligo ou calquera outra afección descamativa da pel (Arcas Campoy, 2001: 62; Romaní & Sierra & Casson, 2016: 576). Neste contexto, é onde se debe situar o termo *alvaraz*, que se pon en relación coa lepra e co ergotismo.

Con todo, no caso das cantigas escarniñas, parece aludir a unha enfermidade de transmisión sexual. Se ben é certo que a lepra tamén podía ter asociada na altura a súa transmisión por vía sexual, o máis probábel é que, por exemplo, na cantiga B1618/V1151 se faga referencia á sífilis¹⁶ (enfermidade aínda non), en cuxa fase inicial habería manifestacións cutáneas ulcerosas que se converterían en excrecencias ou verrugas anais, sobre todo se o pomos en relación coa palabra anterior “cancer (no pisso)”, que na Idade Media facía referencia a unha ‘chaga’ e non a un ‘tumor maligno’ (cfr. Pérez Barcala, 2013: n. 1582).

malvaz

A voz **malvaz**, que só se documenta en Afonso X, tanto nas CSM como na LP, é un provenzalismo derivado de *malvatz* (< MALIFATIUS, segundo FEW, tamén recollido en DOM, s.v.). Neste caso, a terminación *-az* non é a que confire o valor pexorativo, senón a propia base, como en *malvado*. Véxase ao respecto a homoloxía anterior con *pescaz/pescado*. Das 12 ocorrencias, pode citarse esta acompañando o substantivo *demo*:

e con hũa vara mal amëaçou || aquela conpanna do demo malvaz (G-CSM, 82).

2. Conclusións

Após a análise anterior, podemos extraer as seguintes conclusións:

1. O sufixo *-az* engloba voces derivadas xa en latín como voces de formación romance.
2. Canto ás sufixadas latinas, estas formacións entran na lingua galego-portuguesa nomeadamente nos séculos XV e XVI en territorio portugués, coincidindo co auxe do Humanismo renacentista, polo que constitúen cultismos. Asemade, este sentido culto é outra das causas da súa baixa presenza no corpus.

16 É de notar o agradecemento ao Dr. Hugo Vázquez Veiga, médico especialista en dermatovenereoloxía, polas referencias sintomatolóxicas de varias ETS e a relación desta posíbel enfermidade na cantiga.

3. Os vocábulos romances sufixados con *-az* —reducidos a testemuños en territorio galego, moitos deles ligados á corte de Afonso X— semellan presentar dúas orixes diferentes: o sufixo *-ax* e o sufixo *-ACEUS*, polo que cumpriría diferenciar entre *-az*¹ e *-az*². O primeiro presentaría valor de ‘pexoración’ ou de ‘posesión intrínseca’, como en latín, mentres que o segundo recolle un valor ‘aumentativo’, nalgúns casos mesmo lexicalizado, que o relaciona co sufixo aumentativo.
4. A relación entre o sufixo *-az*² e o aumentativo ou intensivo *-azo/a* fica clara, resultando a existencia de pares corradicais nos derivados romances (*agraz*, *arcáz*) ou inclusive afectando a voces con terminación *-az* (*almofaz/almofaça*). Así mesmo, tamén hai alternancias corradicais entre *-az* e *-ado* (*pescáz/pescado*, *malváz/malvado*). E finalmente, varias palabras terminadas en *-ACTUM* en latín acabaron tendo unha evolución diverxente medieval en *-az* (*topáz*).
5. As conexións anteriores entre sufixos, a innovación galega de *-az* como formador de novas voces no romance (talvez por influencia da terminación provenzal *-az*) e a confluencia con voces terminadas en *-az* de diferente orixe parecen ser posíbeis causas que influísen na baixa produtividade deste sufixo, que acabou por entrar nun proceso de desactivación ou indispoñibilidade no repertorio sufixal a partir do galego moderno, malia “rescatarse” nas voces *lambaz* e *ricaz*, seguramente por equivalencia co aumentativo *-azo/a* e por reminiscencia medieval, respectivamente.

Referencias bibliográficas

- Álvarez, Rosario, & Xove, Xosé (2002). *Gramática da lingua galega*. Vigo: Galaxia.
- Arcas Campoy, María (2001). “Las enfermedades *yūdām* y *baraş* (lepra) en los tratados de derecho islámico (doctrina Malikí)”. *Dynamis. Acta Hispanica ad Medicinae Scientiarumque Historiam Illustrandam*, 21, 55-71.
- Arias Abellán, Carmen (2001). “Análisis de la modalidad en los adjetivos latinos deverbativos”. *Habis*, 32, 677-684.
- Arias Abellán, Carmen (2003a). “Los adjetivos en *-ax* en la obra de Plauto”. *Habis*, 34, 113-122.
- Arias Abellán, Carmen (2003b). “Los adjetivos en *-ax* en la obra de Petronio”. En Herman, József, & Rosén, Hannah (Hrsg.), *Petroniana: Gedenkschrift für Hubert Pettersmann*, 25-35. Heidelberg: Universitätsverlag Winter.
- Arias Abellán, Carmen (2012). “Los derivados en *-ax* en los *Carmina Latina Epigraphica*”. En Biville, Frédérique, & Lhommé, Marie-Karine, & Vallat, Daniel (eds.), *Latin*

- vulgaire – Latin tardif IX: Actes du IXe colloque international sur le latin vulgaire et tardif*, 647-658. Lyon: Maison de l’orient et de la Méditerranée.
- Cabanes Jiménez, Pilar (2006). “Enfermedades de índole sexual en las cantigas de escarnio y maldezir”. *Lemir: Revista de Literatura Española Medieval y del Renacimiento*, 10.
- Corriente, Federico (1999). *Diccionario de arabismos y voces afines en iberorromance*. Madrid: Gredos.
- CGPA = Varela Barreiro, Xavier (dir.) (2004-). *Corpus Informatizado Galego-Portugués Antigo*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. Dispoñíbel en <http://ilg.usc.es/cgpa> (consultado en 02.06.2021).
- DCECH = Corominas, Joan, & Pascual, Juan A. (1984). *Diccionario crítico etimológico castellano e hispano*, 6 vols. Madrid: Gredos.
- DE = Estraviz, Isaac, & Durán, Carlos. *Dicionário Estraviz*. Dispoñíbel en <https://estraziviz.org/acerca-de.php> (consultado en 02.06.2021).
- DOM = Selig, Maria (2013-). *Dictionnaire de l’occitan médiéval*. Dispoñíbel en <http://www.dom-en-ligne.de/index.html>. (consultado en 02.06.2021).
- Ferreiro, Manuel (2001). *Gramática histórica galega*. Vol. II. *Lexicoloxía*. Santiago de Compostela: Laiovento.
- Ferreiro, Manuel (dir.) (2018-). *Universo cantigas. Edición crítica da poesía medieval galego-portuguesa*. Universidade da Coruña. Dispoñíbel en <http://universocantigas.gal> ISSN 2605-1273 (consultado en 02.06/2021).
- FEW = Wartburg, Walther von (1928-2002). *Französisches Etymologisches Wörterbuch. Eine darstellung des galloromanischen sprachschatzes*, 25 vols. Bonn, Leipzig et al.
- Freixeiro Mato, Xosé Ramón (1999). *Gramática da lingua galega*. Vol. III. *Semántica*. Vigo: A Nosa Terra.
- Freixeiro Mato, Xosé Ramón (2014). “Vós sodes mui fraquelinha molher: sobre a sufixación apreciativa na poesía trobadoresca profana”. En Eirín García, Leticia, & López-Viñas, Xoán (eds.), *Lingua, texto, diacronía: estudos de lingüística histórica*. Monografía 9 da *Revista Galega de Filoloxía*, 197-225. A Coruña: Área de Filoloxías Galega e Portuguesa.
- García-Sabell Torno, Teresa (1991). *Léxico francés nos cancioneiros galego-portugueses. Revisión crítica*. Vigo: Galaxia.
- Gual Camarena, Miguel. *Vocabulario del comercio medieval*. Dispoñíbel en <http://www.um.es/lexico-comercio-medieval> (consultado en 02.06.2021).
- Hermida Gulías, Carme (2004). *Gramática práctica (Morfosintaxe)*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.
- Houaiss = Houaiss, Antônio (2001). *Dicionário Houaiss da Língua Portuguesa*. Dispoñíbel en <http://www.iah.com.br/sp/> (consultado en 02.06.2021).

- Lapa, Manuel Rodrigues (1970). *Cantigas d'escarnho e de maldizer dos cancioneiros medievais galego-portugueses*. Vigo: Galaxia.
- Leumann, Manu (1944). “Gruppierung und Funktionen der Wortbildungssuffixe des Latein”, *Museum Helveticum*, 1, 129-151.
- LD = Lewis, Charlton T., & Short, Charles (18719). *A Latin Dictionary*. Oxford: Clarendon Press.
- López Eire, Antonio (dir.) (2009-). *Dioscórides interactivo*. Salamanca: Universidad de Salamanca. Disponible en <https://dioscorides.usal.es/index.php> (consultado en 02.06.2021).
- López Viñas, Xoán (2015). *Dicionario de afixos e voces afixadas do galego medieval*. Monografía 8 da *Revista Galega de Filoloxía*. A Coruña: Área de Filoloxías Galega e Portuguesa da Universidade da Coruña.
- Mettmann, Walter (1962). “Lexikalisches und Etymologisches aus den ‘Cantigas de Santa María’”, *Romanische Forschungen*, 74, 1/2, 31-59.
- Mettmann, Walter (ed.) (1972). *Cantigas de Santa María*. Vol. IV. *Glossário*. Coimbra: Universidade de Coimbra.
- OLD = Glare, Peter G. W. (ed.) (2012) [1968-1982]. *Oxford Latin Dictionary*. Oxford: Oxford University Press.
- PE = *Dicionário da Língua Portuguesa*. Porto Editora. Disponible en <https://www.info-pedia.pt/>. (consultado en 02.06.2021).
- Pérez Barcala, Gerardo (ed.) (2013). *A tradución galega do Liber de medicina equorum de Giordano Rufo*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- Pharies, David (2002). “The Origin and Development of the Spanish Suffix *-azo*”. *Romance Philology*, 56, 1, 41-50.
- Rainer, Franz (1999). “La derivación adjetival”. En Bosque, Ignacio, & Demonte, Violeta (dirs.), *Gramática descriptiva de la lengua española*. Vol. III. *Entre la oración y el discurso. Morfología*, 4595-4644. Madrid: Espasa.
- Romaní, Jorge, & Sierra, Xavier, & Casson, A. (2016). “Análisis de la enfermedad dermatológica en 8 Cantigas de Santa María del Rey Alfonso X el Sabio. Parte I: introducción, el monje resucitado «lac virginis», el ergotismo y la lepra”. *Actas Dermo-Sifilográficas*, 107/7, 572-576. Disponible en <http://dx.doi.org/10.1016/j.ad.2016.02.013>.
- TILG = Santamarina, Antón (dir.), & González Seoane, Ernesto & Álvarez de la Granja, M. Tesouro Informatizado da Língua Galega (Versión 4.1). Santiago de Compostela: Instituto da Língua Galega. Disponible en <http://ilg.usc.gal/TILG/> (consultado en 02.06.2021).
- Vasconcellos, Carolina Michaëlis de (1910): “Mestre Giraldo e os seus tratados de Alveitaria e Cetraria”. *Revista Lusitana*, 13, 3/4, 149-432.